

A protección do medio ambiente, a saúde das persoas e o uso sustentábel das materias primas e outros recursos naturais deben ser os obxectivos últimos de calquera actuación na xestión de residuos. Como facé-lo?. A alternativa ecoloxista dos 3Rs (Redución, Reutilización e Reciclaxe) non só segue a ser válida, senon máis necesaria que nunca. A súa posta en práctica require unha revisión crítica da interpretación que até hoxe se veu facendo da mesma polos axentes máis directamente implicados na cuestión: as administracións e as empresas responsábeis dos residuos (posta no mercado) ou da súa xestión. Non se pode seguir esquecendo por máis tempo a redución, e tampouco se pode aceptar que procesos destructivos como a combustión se fagan pasar por opcións de reutilización ou reciclado.

Os principios de prevención e precaución seguen sendo necesarios. A chamada recuperación (revalorización) térmica non atende ningún deles. Ten que priorizar-se a precaución, aplicando-se sen máis adiamentos á introdución de determinados produtos e/ou materiais no mercado (nos fogares). Os metais e as substancias orgánicas sintéticas de alta toxicidade, ou aqueles materiais que poden dar orixen a emisións tóxicas ou non ser reciclábeis non poden seguir a ser utilizados alegremente. Quen contamina paga é un principio que só poderemos considerar válido se se lle pon acotacións: moitos problemas ambientais e de saúde non teñen ou non deben ter prezo.

A todo isto temos que sumar a incidencia social directa das políticas de residuos. Os obxectivos deben ser a integración social dos sectores máis desfavorecidos, xa que se trata dun eido no que o colectivo é consubstancial, e sempre vai requirer a aportación de fondos públicos. Os grupos de recuperación, reparación, reutilización e reciclaxe de diferentes materiais, por un lado, e os colectivos ecoloxistas e de educación ambiental, por outro, deben ter unha participación directa na xestión do lixo. O consenso social é imprescindible, e isto require a participación na toma de decisións de todos os axentes sociais.

SITUACIÓN TECNOLÓXICA

Os obxectivos directos de calquera tecnoloxía son, a priori:

- O acondicionamento ou eliminación de residuos

- O poder realizar o anterior sen afectar ao medio ambiente (impacto directo ou local)

- O poder contribuir ao desenvolvemento sustentábel (impacto indirecto ou deslocalizado): redución da contaminación nos procesos produtivos, aforro de enerxía, aforro de materias primas non renovábeis....

Tradicionalmente valorou-se só o primeiro dos obxectivos, e así o vertedreiro considerava-se solución adecuada cando aínda se dispuña de suficiente espazo e a afección ao medio natural e aos recursos non era tan patente.

Coa crescente xeración de residuos e a súa acumulación no medio natural, pensou-se que a incineración permitiría eliminar a maior parte do lixo (até un 70%). Non se reparou que todo o que se elimina-se por esta tecnoloxía envía-se a atmósfera ou fica na forma de cinzas tóxicas. A incineración atendía o primeiro obxectivo, pero xa non o segundo: o seu impacto no medio natural, nos cultivos e na atmósfera converteu-se nun grave problema en si mesmo.

Adecuar a tecnoloxía da incineración ao segundo dos obxectivos é posíbel en parte, sempre a costa de encarecer enormemente esta opción. Á depuración dos fumes e o control do proceso de combustión, que fixo que os fornos incineradores pasaran a custar miles de millóns de ptas, suma-se hoxe a posibilidade dos tratamentos de plasma para inertizar cinzas. As instalacións incineradoras que se doten destas tecnoloxías faran-se aínda máis costosas.

Pero vistas así as cousas, non falta quen afirma que o problema ambiental é un problema de desenvolvemento tecnolóxico e de diñeiro. Unha forma algo burda de dar-lle a volta a tortilla, como pon de manifesto o mesmo tema da xestión do lixo. No mellor dos casos, a tecnoloxía de incineración do futuro, con todas as medidas de control ambiental que se queiran, só poderá atender os obxectivos a) e b), é dicir xestionar o lixo sen provocar emisións que causen un impacto ecolóxico directo. Pero en nada contribuirá a acadar o obxectivo c), xa que sempre incrementará o seu impacto indirecto: maior custo, necesidade de novos e complexos equipos de tratamento e controle, maior consumo enerxético, e redispersión ambiental dos contaminantes. Poderemos reducir as emisións directas da planta incineradora, pero sempre estaremos a destruír materias primas elaboradas que teñen tras si unha importante carga

ambiental, e que o sistema produtivo require volver a producir, ou que nen siquera son renovábeis.

Porque ademáis do grave problema de emisión de tóxicos, na incineración queiman-se plásticos derivados do petróleo que pouco teñen de renovábeis. Isto choca calramente co actual marco legal-administrativo, no que se considera a enerxía recuperada por incineración do lixo como enerxía renovábel (por exemplo no plano enerxético da Xunta de Galicia), e por tal concepto se subvenciona a incineración.

Porque incluso no caso de combustíbeis de carácter renovábel como é a celulosa presente no papel que forma parte do lixo, a enerxía que se obtén da sua incineración non xustifica a utilización destes materiais con esta finalidade, pois na sua obtención xera-se un elevadísimo impacto ambiental (fábricas de celulosa). Aliás, o aproveitamento enerxético dos residuos conduce ás máis baixas eficacias, e require o consumo paralelo de combustíbeis fóséis. No caso de SOGAMA, a xestión dunhas 500.000 Tm/ano de lixo para xerar CDR (combustíbel derivado de residuos) e logo queimar este, require a combustión de máis de 50.000 Tm de produtos petrolíferos (fuel-oil ou gas natural). Cun rendimento enerxético global do 25%, o rendimento neto aplicado ao lixo cae a menos do 5%. Isto debe-se a que na localización prevista do proxecto non é posíbel un aproveitamento óptimo da enerxía. Pero incluso no mellor dos casos, supondo un 25-30% de recuperación enerxética, a reciclaxe permite acadar un aforro enerxético 4 veces maior, e isto de forma compatíbel coa conservación de materiais.

En definitiva, a incineración nunca contribuirá a un desenvolvemento sustentábel, senon esactamente o contráριο. Unha análise do ciclo de vida rigurosa así o mostra. Aliás, por máis que hoxe existan, en teoría, tecnoloxías para reducir o impacto ambiental local da incineración, o certo é que a lexislación segue permitindo a emisión de tais cantidades de gases ácidos e tóxicos que a seguen presentando como unha actividade de alto risco ambiental. Así, a actual lexislación permite-lle a SOGAMA as seguintes emisións á atmósfera: 15.000 kg/ano de metais pesados, 1.750 Tm/ano de gases ácidos, 87.468 Tm/ano de cinzas e escórias (resíduos tóxicos ou potencialmente tóxicos), e 44.890 m³/ano de augas residuais. A maior parte destas emisións son totalmente evitadas nunha alternativa baseada nos 3Rs.

A incineración no plano SOGAMA permite acadar unha redución en peso do 77%, e unha redución en volume a respeito dun vertedeiro convencional, do 88%. Unha alternativa baseada nos 3Rs, tal como a elaborada por ADEGA para toda Galiza, ou as existentes nestes momentos para diversas mancomunidades, atinxen reducións en peso do 74% e en volume do 88%. Concluimos por tanto que A INCINERACIÓN É HOXE TOTALMENTE INNECESARIA.

A REDUCCIÓN, INAPRAZÁBEL

Unha xestión do lixo baseada na recollida selectiva e na reciclaxe como se ten elixido para A Coruña e outras localidades galegas, combinada coa inertización e comapactación do refugallo non reciclábel e cun vertedeiro de apoio, pode atinxir cifras de redución do vertido superiores ao 70% en peso, e ao 85% en volume. Estes planos enmarcan-se na opcións dos 3Rs, pero cando se pregunta como resolver no futuro o problema dese 30% restante, os seus responsábeis non acostuman falar de REDUCCIÓN, senon que recurren aos avances tecnolóxicos, que nun futuro próximo permitirían unha xestión ambientalmente correcta dese resto.

Pola contra, desde o ecoloxismo non acreditamos na viabilidade ambiental e social desas tecnoloxías, xa que non se pode tratar de outra cousa que de sistemas destructivos, habida conta de que ese refugallo está constituído por un elevado número de materiais mesclados entre si, e constituen precisamente o non reciclábel na situación actual. A redución é imprescindible, pois se hoxe é reciclábel un 50-70% do lixo, de non termos un avance claro neste eido, a meio prazo esta porcentaxe pode caer significativamente. E todo o feito seria en van.

Así, a redución ten por obxectivo:

-

Reducir a toxicidade dos residuos que xeramos: prevención cualitativa. Trata-se de eliminar a fabricación e o uso de materiais tais como pillas eléctricas con metais pesados, PVC e produtos de PVC e outros plásticos tóxicos, CFC, determinados pesticidas....

-

Reducir o consumo de produtos non reciclábeis, tais como plásticos de película (bolsas), bandexas de corcho sintético, materiais mixtos diversos...

A substitución de materias primas e a estandarización de usos son algunhas das medidas que é urxente aplicar.

Por outro lado, á redución global do impacto ambiental poden contribuir outras medidas, como a utilización dos envases retornábeis de vidro no canto dos reciclábeis, ou as bolsas de varios usos para a compra, por exemplo. No caso galego, sería moi importante o establecemento de obxectivos de envases acollidos ao sistema de retorno.

INTEGRACIÓN SOCIAL

A reutilización e reciclaxe ofrece directamente mais emprego que outras tecnoloxías de xestión do lixo, e indirectamente pode-se combinar adecuadamente coa actividade dos grupos recuperadores. Estes grupos tiveron desde sempre unha incidencia na xestión dos residuos, sendo os máis coñecidos os grupos de trapeiros e chatarreiros. As prácticas de xestión actual, porén, están deixando fora de xogo este sector que depende economicamente do lixo. Cos vertedeiros incontrolados, acudian directamente ao vertedeiro, pero que vai pasar se queremos implantar unha xestión ecolóxica do lixo?. A primeira consideración é que a xestión ecolóxica do lixo non só é compátibel coa supervivencia deste sector, senon que estas entidades deben xogar un papel activo na mesma, ao tempo que melloran substancialmente as súas condicións de traballo. A realidade é que moitos grupos e entidades teñen incorporado xa criterios de xestión ambiental correcta, e potencian especialmente os eslabóns da reutilización e a reciclaxe.

Na Galiza contamos coa experiencia de COREGAL e outras actuacións de COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos), que realizan a recollida de papel e cartón para a súa reciclaxe, e teñen en proxecto a recuperación de vehículos usados. COREGAL, tras a introdución dos contentores iglues en Santiago, pasou de pouco mais de 3000 tm de papel/cartón recollidas en 1997 ás 6000 no ano 1998. Traballa nas comarcas de Santiago, Barbanza e Costa da Morte. COREGAL realiza tamén a recollida porta a porta de cartón, dirixida especialmente ao comercio. Outros moitos grupos e pequenas empresas tamén actúan no eido da recollida e reciclaxe de materiais, aínda que as súas prácticas non sexan dadas á coñecer nen controladas. Procurar a súa integración debe ser un obxectivo parello ao de acadar a xestión ecolóxica do lixo.

Un estudo realizado por AERESS (Asociación de Recuperadores de Economía Social e Solidária) mediante unha enquisa contestada por 19 grupos, indica unha facturación de 1.120 Mptas, cunha distribución entre maioristas, rastros (voluminosos), e outros. O 65% dos gastos corresponden a persoal, uns 500 empregados/as, o que constiue unha mostra co carácter social e sólídario deste grupos. As cantidades xestionadas por estes 19 grupos superan as 35.600 Tm/ano, pero máis de medio cento de grupos intercámbian información e experiencia a través das xornadas de *Amantes*.

Hoxe debe-se prestar especial atención ás obrigacións derivadas das recentes leis, que están favorecendo a entrada das constructoras neste sector, o que pode desestabilizar notoriamente a actividade dos grupos de recuperación existentes. Como unha medida imprescindible, consideramos que nos concursos deben-se separar as diferentes contratas, posibilitando así a participación dos grupos recuperadores, que se engloban sempre na pequena empresa.

A SITUACIÓN NA GALIZA

A finais dos anos 80, o proxecto de xestión do lixo da Xunta de Galicia preveía a instalación de dúas plantas incineradoras (no Norte, perto de A Coruña e no Sul, perto de Vigo). Ningunha delas se chegou a instalar pola oposición directa da poboación. En xaneiro de 1992 modificou-se o referido proxecto, pasando-se a contemplar unha única incineradora para o 100% do lixo galego, a construír en CERCEDA. A inviabilidade ambiental, legal e social deste proxecto foi posta de manifesto reiteradamente por parte de ADEGA. As modificacións de 1995, 1997 e 1998 tiveron por finalidade adapta-lo á normativa vixente, que require actuacións en materia de reciclaxe, e facé-lo máis aceptábel por parte da poboación.

No ámbito do plano SOGAMA, a planta incineradora prevista ten capacidade para queimar máis do 80% do lixo. Os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe exixidos pola UE, que financia o plano cuns 12.000 millóns de ptas, son do 25% dos residuos de envases e embalaxes, o que se traduce no mellor dos casos nun 10% de reciclaxe do lixo total. Nunca uns obxectivos tan pobres recibiron tal apoio económico das arcas públicas.

Os responsábeis do proxecto negaron desde sempre a posibilidade e o interese de elaborar

compost coa materia orgánica fermentábel, pois no seu secado para combustión (elaboración do CDR) radica a principal parte do negocio de SOGAMA, que é a queima dunhas 50.000 Tm de fuel-oil, actividade da que se obterá enerxía eléctrica subvencionada (polo concepto de coxeneración) para vender á rede. O responsable da actual Consellería de Meio Ambiente non só segue esta liña, senon que arremete publicamente contra os proxectos alternativos que optaron pola compostaxe.

Pola contra, ADEGA é consciente da necesidade de materia orgánica de calquera solo agrícola, e os solos galegos non son unha excepción. Por causa do cambio habido na agricultura nas últimas décadas (cambio que na Europa se produciu moito antes), os solos galegos están-se empobrecendo en materia orgánica, até o punto de que todo compost que se poda producir será insuficiente para satisfacer as necesidades. O desenvolvemento dunha agricultura ecolóxica no país constituirá outra saída para as partidas de maior calidade. A cuestión radica por tanto na obtención dun compost de calidade, o que poden garantir os planos alternativos mediante unha recollida selectiva adecuada.

Como obxectivos xerais, os planos comarcais de reciclaxe (A Coruña, O Morrazo, O Barbanza, A Illa de Arousa) pretenden a recollida selectiva da materia orgánica e dos materiais inertes por separado, e a reciclaxe da maior fracción de residuos, que poderá atinxir o 70%, fronte ao 10% do plano SOGAMA. Ao tempo, minimiza-se a contaminación, ao prescindir totalmente da incineración. Pero se A Coruña optou pola reciclaxe por razóns ambientais, necesariamente a cidadanía desta comarca terá que rexeitar a instalación dunha planta incineradora na porta da casa: os ventos predominantes fan que toda a comarca coruñesa se vexa afectada pola contaminación procedente da futura incineradora de Cerceda.